

ANUNCIO

RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A

Por resolución de alcaldía de data 04/10/2024 aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para o nomeamento de arquitecto/a técnico/a:

“EXPEDIENTE: 4880/2024

RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A

DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por resolución de alcaldía de data 04/10/2024 aprobáronse as bases e a convocatoria para a confección dunha bolsa de emprego para o nomeamento de arquitectos/as técnicos/as.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 197 de data de 11 de outubro 2024 e na páxina web do concello www.boiro.gal, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

O 25 de outubro rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 12 solicitudes.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobados os requisitos esixidos nas bases desta convocatoria, de conformidade co previsto na base 3ª e 5ª, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Considerando as competencias atribuídas ó Alcalde polos artigos 21.1.g. e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar provisionalmente admitidas na oposición convocada por resolución de alcaldía de data 04/10/2024, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para o nomeamento de arquitectos/as técnicos/as, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

NIF	Nome
79328*	BASILIO CAN*
32687*	CARLOS FERN*
79336*	DAVID GOM*
34979*	GABRIEL BANG*
33292*	JUAN MEJ*
76777*	MARCOS SAY*
79311*	MARIA JOSEFA RAB*
78792*	RAQUEL CAST*



Segundo.- Declarar provisionalmente excluídas na oposición convocada por resolución de alcaldía de data 04/10/2024, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para o nomeamento de arquitectos/as técnicos/as, ás seguintes persoas aspirantes polos seguintes motivos de exclusión:

NIF	Nome	Motivo de exclusión
32672*	ALEJANDRO DI*	Non acredita pago da taxa de dereitos de exame / documentación xustificativa para súa bonificación.
76779*	CARMEN MARIA FERN*	Documentación fora de prazo + Non acredita pago da taxa de dereitos de exame / documentación xustificativa para súa bonificación.
46912*	MARIA VANESA AL*	Non acredita pago da taxa de dereitos de exame / documentación xustificativa para súa bonificación.
76969*	MARTIN FERN*	Non acredita pago da taxa de dereitos de exame / documentación xustificativa para súa bonificación.

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal, a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas un prazo de 05 días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Disporán igualmente dun prazo de 05 días a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio as persoas que, presentando debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na lista publicada.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro na data que se indica ó marxe, na sinatura dixital.

O alcalde do Concello de Boiro

